



BOP

LUNES, 15 DE FEBRERO DE 2010

Nº 37

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

Administración General del Estado SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN LUGO

En expediente de solicitud de renovación de licencia de armas tipo E, núm. 7/10, se ha concedido el plazo de audiencia por diez días al titular del mismo que más adelante se relaciona.

Como quiera que la notificación de dicho plazo de audiencia no ha podido ser practicada en el último domicilio conocido, se procede a su notificación de plazo de audiencia, por un período de diez días, según lo previsto en el art. 59.4 de la Ley 30/92 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común de 26 de noviembre (B. O. E. 27-11-92), modificada por la Ley 4/99 de 13 de enero (B. O. E. 14-01-99).

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado, para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto, en el Negociado de Derechos Ciudadanos y Autorizaciones Administrativas de la Subdelegación del Gobierno en Lugo.

| Expediente | Interesado y domicilio | Legislación infringida |
|------------------------------------|---|---------------------------|
| Solicitud licencia de armas tipo E | D. DIEGO GARCÍA MOURELO Lugar Valle Mao, 14. 27346 O Incio | Ley O. 1/92 y R.D. 137/93 |

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 00582

Oficina de Extranjeros

En expediente de expulsión seguido a instancia de la Comisaría de LUGO al ciudadano de Marruecos, ABDELWAHID TOTS de conformidad con el art. 57.a) y b) de la Ley Orgánica 4/2000 de 11 de enero (BOE de 12-1-2000), modificada por Ley Orgánica 8/2000, de 22 de diciembre (BOE de 23 de diciembre), LO 14/2003, de 20 de noviembre (BOE 21 de noviembre), reformada por la Ley Orgánica 2/2009 de 11 de diciembre, ha recaído resolución de la Subdelegación del Gobierno de fecha 16-10-2009, cuya parte dispositiva es la que sigue: Se acuerda la expulsión del territorio español por un período de CINCO AÑOS al ciudadano de Marruecos, ABDELWAHID TOTS.

Como quiera que la citada resolución no ha podido ser comunicada a la parte interesada, en su último domicilio conocido, en esta provincia, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.4 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999, BOE de 14 de enero de 1999.

Contra dicha resolución, que pone fin a la vía administrativa, cabe interponer, potestativamente recurso de reposición ante este Organismo, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución o recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, o bien ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo del domicilio del demandante, a elección de éste, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación de acuerdo con lo dispuesto en los arts. 14 y 16 de la Ley 29/1998 (BOE de 14 de julio), sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente interponer.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, calle Río Neira, nº 19-23.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe.

R. 00581

AYUNTAMIENTOS

ANTAS DE ULLA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía D. FRANCISCO OTERO VAZQUEZ licenza municipal para GRANXA DE GAN-DO VACUN a situar en A ERMIDA-OLVEDA cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

ANTAS DE ULLA, a 4 de febreiro de 2010.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 00610

FRIOL

Edicto

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 26 de novembro de 2009 e o texto do regulamento da agrupación de voluntarios de protección civil do Concello de Friol.

4.- REGULAMENTACIÓN DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.- Dase conta ao Pleno do Concello da proposta da Alcaldía referida á aprobación da regulamentación da agrupación de voluntarios de Protección Civil do Concello de Friol. Á vista do anteriormente exposto, así como do disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola que se atribúe ao Pleno do Concello a aprobación das ordenanzas e regulamentos, propónse ao Pleno do Concello a aprobación do expediente de aprobación do regulamento da agrupación de voluntarios de Protección Civil do Concello de Friol.

Á vista do actuado e da documentación obrante no expediente, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade ACORDA.

A aprobación inicial do Regulamento da Agrupación de voluntarios de Protección Civil do Concello de Friol, que se transcribe a continuación.

Que se someta ao trámite de información pública no tablón de anuncios do Concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, no devandito prazo

Que se de conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presente, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.

Que o acordo definitivo e o texto do mesmo se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos arts. 49 e 70.2 do Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO: REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELO DE FRIOL.

INTRODUCCIÓN.

En orde á realización de actividades diversas para a Protección Civil en situacións de emerxencias, os Concellos e os Alcaldes teñen atribuídas competencias en materia de Protección Civil, segundo o establecido no artigo 25.2 c) e 26.1c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos 80, 81 e 82 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O exercicio destas competencias levarase a cabo, fundamentalmente, mediante actuacións dos Concellos e dos Alcaldes coa colaboración dun concelleiro delegado de Protección Civil, así como coa intervención coordenada dos servizos municipais dedicados, de modo ordinario e permanente, ao cumprimento de fins coincidentes coas necesidades derivadas das situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Así mesmo, nos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución Española, determínase que poderá crearse un servizo civil para o cumprimento dos fins de interese xeral e que mediante Lei regularanse os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, polo que parece necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentadora do servizo civil e da Protección Civil sobre canto antecede, se complementen os recursos municipais mencionados, coa incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a Protección Civil Municipal, ofrecéndolles así oportunidades para asumir e realizar, voluntariamente, o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.

Por outra banda a Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil e o Real Decreto 407/1992 que desenvolve a norma básica, en distintas partes do seu articulado, recolle a participación, responsabilidade e competencias das diferentes Administracións Públicas na Protección Civil, tendo un papel importante, os Concellos, que por sela administración máis cercana aos cidadáns, convértese na célula básica de Protección Civil sendo a primeira en intervir en cantas emerxencias ocorran.

Abondando na normativa, temos que recolle-lo establecido no Decreto 56/2000, do 2 de marzo, e no Plan Territorial de Protección Civil na Comunidade Autónoma

de Galicia (PLATERGA), recollido como anexo do citado Decreto, onde se establece, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local, así como os cometidos que poden desenvolver-las agrupacións de voluntarios no estudio e desenvolvemento dos distintos plans de emerxencia.

Para articula-las oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa Protección Civil Municipal, parece conveniente regulamenta-la organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste Concello, que se vinculará aos servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do Concello para realiza-las tarefas que procedan, sen prexuízo do que poda establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo do Concello, apróbase o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste Concello, que se transcribe seguidamente.

CAPÍTULO I.

FINALIDADE.

Artigo 1º.-

A Protección Civil Municipal ten como fin, establecer unha organización en base aos recursos municipais, contando coa colaboración das entidades privadas e dos cidadáns, para garanti-la coordinación preventiva e operativa respecto da protección de persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evitalas mesmas, reduci-los seus efectos, repara-los danos e, no seu caso, contribuír a corrixi-las causas produtoras dos mesmos.

Artigo 2º.

A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, en adiante A.V. P.C. como modalidade de incorporación dos cidadáns ás actividades de Protección Civil, rexerase polo establecido no presente Regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación xeral e participación no desenvolvemento ou execución dos plans, programas ou actividades no sistema autonómico de Protección Civil sexan ditados polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia, e demais Administracións Públicas de ámbito superior conforme se establece na Norma Básica de Protección Civil.

Artigo 3º.

Poderán vincularse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil únicamente as persoas físicas ou individuais que residan habitualmente no Concello e teñan interese en colaborar directamente nas actividades propias dos servizos básicos de Protección Civil dependentes dos mesmos.

Artigo 4º.

Asemade, a actividade voluntaria dos interesados é independente da obriga que como veciños puidera corresponderlles, ou outras prestacións que poidan establecer leis especiais, como a de Incendios Forestais vixente ou as que regulen, no seu día, a Protección Civil e o Servizo Civil.

CAPÍTULO II.

ORGANIZACIÓN.

Artigo 5º.

A colaboración voluntaria dos veciños e Protección Civil Municipal é por tempo determinado e levarase a cabo mediante a incorporación dos mesmos á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil á que se refire o presente Regulamento.

Artigo 6º.

A Agrupación Municipal dependerán directamente do Alcalde, que poderá delega-lo exercicio das súas funcións e competencias no concelleiro delegado de Protección Civil. Nembargantes, a agrupación encadrarase, orgánica e funcionalmente, nunha unidade municipal que terá o seu enderezo en MERCADO MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL.

Artigo 7º.

A vinculación dos voluntarios co Concello non ten o carácter de relación laboral ou administrativa, se non soamente de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de xeito gratuíto e altruísta, como medio de realización de accións humanitarias e de solidarizade social que constitúen o fundamento das relacións de boa vecindade.

Artigo 8º.

Poderán incorporarse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, como colaboradores en misións de orientación, asesoramento e asistencia técnica, os veciños con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das entidades deste servizo público.

Asemade, poderán incorporarse á agrupación como voluntarios activos, tódolos veciños maiores de 18 e menores de 65 anos que acrediten dispoñer de tempo libre determinado e que superen as probas de aptitude psicofísica e de coñecementos que se determinen, así como as de formación básica e especialización que procedan.

Artigo 9º.

A incorporación á agrupación farase sempre en virtude de solicitude do interesado, acompañada dunha declaración de non atoparse inhabilitado para funcións públicas por sentenza firme, e de compromiso de honor de coñecer e acepta-lo contido deste Regulamento, así como do disposto na normativa vixente sobre Protección Civil e de executa-las tarefas que se lle encomenden polas autoridades competentes ou ben os seus delegados e axentes.

Artigo 10º.

A condición de membro da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil faculta unicamente para realiza-las actividades correspondentes á mesma en relación con situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública. Os compoñentes da Agrupación non poderán realizar, amparándose na mesma, xa sexa en relación cos mandos dela ou entre as persoas, actividades de carácter persoal ou de finalidade relixiosa, política ou sindical.

Artigo 11º.

A Agrupación estruturarase, orgánica e funcionalmente, e en razón aos efectivos que existan a disposición da mesma, en diferentes grupos operativos, ao fronte dos que deberá estar sempre un Xefe de Agrupación.

Artigo 12º.

O Xefe da Agrupación Municipal será designado polo Alcalde-Presidente, a proposta da asemblea de voluntarios.

Artigo 13º.

Tódolos compoñentes da Agrupación ostentarán, sobre o lado esquerdo do peito, o distintivo de Protección Civil da Comunidade Autónoma.

Artigo 14º.

Polo Servizo de Protección Civil elabóranse e formularanse propostas para a aprobación das normas de carácter especial ou xeral que sexan necesarias para o desenrolo e aplicación deste Regulamento, así como para regulación de actividades da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

A aprobación das normas xerais ou específicas corresponderalle ó concelleiro delegado de Protección Civil e ao funcionario con funcións equivalentes ou polo Alcalde-Presidente directamente cando o estime procedente.

Con independencia das normas aludidas aprobaranse, editaranse e distribuiranse os manuais de actuación que procedan.

CAPÍTULO III.**FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO.****Artigo 15º.**

A formación terá como finalidade a orientación dos aspirantes a membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil sobre os coñecementos básicos relacionados coa caracterización deste servizo público, así como contribuír á selección dos que proceda e facilita-la capacitación destes para incorporarse en condicións de eficacia á correspondente unidade de intervención.

Artigo 16º.

A actividade formativa articularase do seguinte xeito:

a) Cursillo de orientación de aspirantes ao Voluntariado de Protección Civil.

b) Cursos de formación básica dos aspirantes seleccionados para incorporarse á Agrupación.

c) Cursos de perfeccionamento para os voluntarios pertencentes á Agrupación.

d) Exercicios prácticos con carácter periódico para a mellora permanente da preparación dos compoñentes da Agrupación.

Os cursos terán un contido teórico-práctico determinado de conformidade coa normativa.

Ademais de canto antecede, a actividade formativa completaranse coas seguintes actividades:

a) A organización de bibliotecas e fondos de comunicación sobre Protección Civil e, especialmente, en relación coa organización e funcionamento de Agrupacións de Colaboradores de Voluntarios e outras modalidades da participación cidadán nas actividades de Protección Civil.

b) O mantemento de relacións de colaboración mutua con outras Administracións Públicas ou entidades privadas relacionadas coa Protección Civil.

c) A elaboración e edición e, no seu caso, promoción de publicacións periódicas e unitarias sobre temas de Protección Civil, e especialmente, as destinadas á formación de voluntarios e á divulgación de recomendacións á poboación sobre factores de risco potencias de emerxencia e comportamento perante os mesmos.

CAPÍTULO IV.**DEREITOS E OBRIGAS.****Artigo 17º.**

O voluntario de Protección Civil ten dereito a usa-los emblemas, distintivos e equipos do servizo, en tódolos actos públicos a que sexan requiridos sendo obrigatorio o seu uso en casos de intervención especial, sinistros ou calamidades, a efectos de identificación.

Artigo 18º.

Asemade, teñen dereito a eleva-las súas peticións, suxerencias e reclamacións ao Alcalde-Presidente, concelleiro delegado de Protección Civil, ou ao funcionario equivalente, a través dos seus mandos naturais ou directamente cando, no prazo de vinte días, o seu escrito non fose respostado.

Artigo 19º.

Os riscos no servizo do voluntario estarán cubertos por un seguro de accidentes para aqueles que puideran sobrevivirle perante a súa actuación, abarcando indemnizacións por diminución física, invalidez temporal ou permanente, finamento e asistencia médico-farmacéutica.

Os danos e prexuízos que poida causar un compoñente da Agrupación nas súas actuacións, estarán cubertos por un seguro de responsabilidade civil. Nembargante, o Concello, segundo o previsto na Lei 30/92 do 26 de novembro

de mil novecientos noventa e dous do Réxime Xurídico e das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, responderá patrimonialmente nos supostos e requisitos nela contemplados.

A modalidade das correspondentes pólizas de seguros e contías das indemnizacións serán fixadas polo Concello a proposta do concelleiro delegado.

Artigo 20º.

Todo voluntario de Protección Civil obrígase a cumprir estritamente os seus deberes reglamentarios, cubrir un mínimo de sesenta horas anuais, cooperar co seu maior esforzo, interese, disciplina e espírito social en calquera misión de socorro, axuda e rescate de vítimas, da súa evacuación, asistencia, vixiancia e protección das persoas e bens, así como en toda outra misión que lle encomenden os mandos da organización ou as autoridades de quen dependa perante a súa actuación.

Artigo 21º.

O voluntario deberá incorporarse, á maior brevidade posible, ao seu lugar de concentración en caso de catástrofe ou emerxencia.

Asemade, terá a obriga de poñer en coñecemento dos mandos da Agrupación ou autoridades, a existencia de feitos que poidan supoñer riscos para as persoas ou os bens.

Artigo 22º.

En ningún caso o voluntario ou o colaborador actuarán como membros de Protección Civil fora dos actos de servizo. Nembargante, usando os seus coñecementos e experiencias, poderá intervir, con carácter estritamente particular, naqueles feitos requiridos polo seu deber de cidadanía.

Artigo 23º.

A pertenza dos voluntarios e colaboradores ao Servizo Municipal de Protección Civil será gratuíta e honorífica, sen dereito a reclamar ao Concello retribución nin premio algún, agás as indemnizacións por accidente que puideran corresponderlle, de acordo co especificado no artigo 19º.

Artigo 24º.

O voluntario ten a obriga de manter en perfectas condicións de uso o material e equipo que puidera serlle confiado, comprometéndose a abona-los danos que causara nos mesmos ao mal trato ou falta de coidado.

CAPITULO V.

RECOMPENSAS E SANCIÓN.S.

Artigo 27º.- Artigo 25º.

As condutas dos compoñentes da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenrolo deste Regulamento. Distinguiranse como proceda as condutas meritorias e

sancionaranse, de conformidade co establecido neste Regulamento, as infraccións ao previsto no mesmo.

A valoración corresponderá ao concelleiro delegado de Protección Civil a proposta do Xefe da Agrupación.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado.

Artigo 26º.

As accións meritorias que impliquen un nivel de adicación superior aos deberes ordinarios do Servizo ou riscos para a vida ou a integridade dos voluntarios, poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da Alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión da Medalla ao Mérito da Protección Civil creada a tal efecto pola Xunta de Galicia, e outras distincións que poidan concedelas distintas Administracións Públicas ou o Concello, no seu caso, para premiar actos desta natureza especial.

As infraccións ao disposto neste Regulamento sancionaranse previa a tramitación do correspondente expediente.

Non se poderá impoñer sancións sen audiencia do interesado.

As faltas considéranse leves, graves ou moi graves.

1. Estimaranse como faltas leves e sancionaranse co apercibimento ou suspensión de ata un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

a. O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera ao seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.

b. A desobediencia aos mandos do Servizo, cando elo non supoña mal trato de palabra e obra e non afecte ao servizo que deba cumprirse.

c. As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ao presente Regulamento.

2. Consideraranse faltas graves e sancionaranse con suspensión dende un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

a. Negarse ao cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa.

b. A utilización fora dos actos propios do servizo do equipo, material e distintivos de Protección Civil.

c. O deterioro por negligencia, perda do equipo, material, bens e documentos do Servizo o seu cargo e custodia.

d. As omisións ou infraccións graves ao preceptuado neste Regulamento e en particular ao seu artigo 10º.

e. A acumulación de tres faltas leves.

3. Serán causa de expulsión, como consecuencia de falta moi grave, as seguintes:

a. Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.

b. Observar mala conduta ou haber sido sancionado reiteradamente por faltas graves.

c. Ser condenado por calquera acto delictivo excepto das condenas derivadas de accidentes de circulación.

d. Utilizar ou exhibir indebidamente as identificacións do servizo.

e. A agresión de palabra ou obra a calquera membro do Servizo e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprir.

f. Negarse a cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas.

g. O incumprimento moi grave do establecido no presente Regulamento e en especial ao seu artigo 10º.

CAPITULO VI.

RECISIÓN DO VÍNCULO COA AGRUPACIÓN.

Artigo 28º.

A relación de colaboración voluntaria co Concello terminárase a petición do interesado, por falecemento do mesmo, declaración de incapacidade, solicitude de baixa temporal ou definitiva, perda da condición de veciño ou quedar incurso en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.

Artigo 29º.

Considerase baixa temporal na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción, a ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que forma comunicada oportunamente, así como a interrupción da prestación pola incorporación ao Servizo Militar ou por embarazo, atención de recén nacido ou enfermidade.

Artigo 30º.

Será causa de baixa definitiva na Agrupación a petición do interesado e a incomparecencia do mesmo por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, á actividade ordinario ou especial que lle corresponda; o incumprimento dos servizos mínimos esixidos no artigo 20 ou a negativa a cumprir-lo requirimento da prestación de actividade nunha zoa sinistrada determinada ou a permanecer na mesma no posto que se lle encomende.

Artigo 31º.

Acordada a baixa e notificada ao interesado, por éste procederáse á inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniformidade, equipo e material que lle fose adxudicado polo Concello.

Artigo 32º.

En todo caso expedirase, a petición do interesado, un certificado no que consten os servizos prestados na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e a causa pola que se acordou a baixa.

DISPOSICIÓN FINAIS.

PRIMEIRA:

Pola Alcaldía, concelleiro delegado de Protección Civil ou funcionario con misións equivalentes ás deste, dictaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste Regulamento.

SEGUNDA:

Este Regulamento entrará en vigor despois da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e unha vez transcorrido o prazo o que se refire o artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

O contido do presente Regulamento considerárase provisional e, en consecuencia, adaptáranse ás normas que procedan das Leis que regulen, no seu día, o Servizo Civil e a Protección Civil, de conformidade co establecido nos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución e, no seu caso, por outras disposicións de carácter xeral do Goberno, o Ministerio do Interior e da Xunta de Galicia.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da Xurisdicción Contencioso Administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenarán a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol, a 5 de febreiro de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 00629

LUGO

Non sendo posible a práctica da notificación, pola presente comunícase a D. JACINTO ÁNGEL RAMOS ECHANIZ e D. IGNACIO RAMOS GOICOA do trámite de audiencia previa á adopción da resolución que corresponda no expediente instruído sobre cambio de enderezo padroal, de oficio.

O texto íntegro da citada notificación, que contén datos de carácter persoal, está a disposición do interesado nas oficinas de Estatística do Concello, onde poderá retirar unha copia autenticada.

Lugo, 3 de febreiro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto da Alcaldía 74/2008), LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ.

R. 00607

Non sendo posible a práctica da notificación ó resultar as persoas interesadas descoñecidas, pola presente dáse-lle traslado ás persoas que a continuación se indican, do trámite de audiencia previo á adopción da resolución que corresponda nos expedientes instruídos sobre cambio de enderezo padroal:

- MARTA PRADO RODRÍGUEZ.
- LISBETH CATALINA OLIVEROS AGUDELO.
- ANTONIO VÁZQUEZ BUSTO.

O texto íntegro das citadas notificacións, que conteñen datos de carácter persoal, están a disposición das persoas interesadas nas oficinas de Estatística do Concello de Lugo, onde poderán retirar unha copia autenticada.

Lugo, 2 de febreiro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto da Alcaldía 74/2008), LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ.

R. 00608

Non sendo posible a práctica da notificación ó resultar as persoas interesadas descoñecidas, pola presente dá-selle traslado ás persoas que a continuación se indican, da incoación de expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes:

- JOSÉ MANUEL FOLGUEIRA FERNÁNDEZ.
- JUAN MANUEL GARCÍA JIMÉNEZ.
- JOSÉ LUIS NOVO RODRÍGUEZ.
- CARLOS SÁNCHEZ MONTAÑA LÓPEZ.
- MANUEL FERNÁNDEZ JIMÉNEZ.
- VICTOR VIDAL SEOANE.
- VICTOR MANUEL VÁZQUEZ SALVADOR.

O texto íntegro das citadas notificacións, que conteñen datos de carácter persoal, están a disposición das persoas interesadas nas oficinas de Estatística do Concello de Lugo, onde poderán retirar unha copia autenticada.

Lugo, 2 de febreiro de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA (Decreto da Alcaldía 74/2008), LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ.

R. 00609

Información pública

Don Ricardo Labrada Álvarez, solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación dun café-bar na rúa Poeta Manuel María núm. 17, baixo.

Cumprindo o disposto no núm. 3 do apartado b), do art. 36 do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas, do 27 de agosto de 1982, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar

e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 8 de outubro de 2009.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 00630

Información pública

DECRETO NÚMERO 124/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. don JOSÉ RÁBADE ARIAS, tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, catro de febreiro de dous mil dez.

De conformidade co previsto na base undécima das xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas polo acordo nº 16/573 da Xunta de Goberno Local, de data do 18-6-2008, e ó terse rematado o prazo de presentación de instancias dos procedementos selectivos convocados, entre outros, para a cobertura dunha praza de psicólogo/a e visto que non figura ningún aspirante excluído; en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Aproba-la lista definitiva de admitidos e excluídos no citado procedemento selectivo convocado polo Decreto 962/2008, de 25 de novembro de 2008, do Libro de Resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 282, do 9 de decembro de 2008, e correspondente as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Lugo para o ano 2008, en quenda de consolidación de emprego temporal, que de seguido se indican:

ADMITIDOS:

| | |
|--------------------------------|--------------|
| CASAL VÁZQUEZ, PATRICIA | 33.339.809-K |
| LÓPEZ AIRA, VALENTÍN | 76.575.023-L |
| QUINTÁS VÁZQUEZ, DIEGO ANTONIO | 33.340.121-B |
| REGUEIRA FUENTESECA, ANA LUISA | 33.854.626-Y |

EXCLUIDOS:

Ninguén.

Segundo.- Proceder á designación nominal do Tribunal cualificador do procedemento selectivo convocado por este Concello para o acceso en propiedade a unha praza de psicólogo/a vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Lugo, en quenda de consolidación de emprego temporal, e que estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

Dona Marta López Peña, Xefa do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Covadonga Honrado Honrado, Xefa do Servizo de Licenzas do Concello de Lugo.

Vogais:

Dona María Jesús López Vázquez, Xefa de Servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo.

Suplente: Dona María Isabel Ozores Sieira, licenciada en Dereito do Concello de Lugo.

Dona María José Carvalho Ruíz, psicóloga en funcións de Técnico de Prevención do Concello de Lugo.

Suplente: Dona María Lydia Platas Ferreiro, psicopedagoga do Concello de Lugo.

Dona Patricia Piñeiro Salorio, Médico do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Amelia Gutiérrez López, farmacéutica do Concello de Lugo.

Secretario:

Don Luis Regal Pavón, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Isabel Villamor Cabado, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Terceiro.- Fixar o lugar, data e hora de comenzo dos exercicios, do xeito que a continuación se indica:

- Constitución do Tribunal e baremación da fase de concurso: O martes 9 de marzo de 2010 ás 10 horas da mañá no Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

- O primeiro dos exercicios desenvolverase o xoves 25 de marzo de 2010 ás 9,30 horas da mañá no Salón de Sesións da Casa Consistorial.

- Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Que dease traslado da presente resolución ó taboleiro de anuncios municipal, coa indicación de

que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquél na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Os sucesivos anuncios relativos ó proceso selectivo anteriormente mencionado publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.

Cúmprase.

R. 00631

MONTERROSO

Información pública

D^a. Cristina Fente Ulloa, solicita desta Alcaldía licenza municipal para "CONSTRUCCIÓN DE SILOS Y NAVE DE RECRÍA PARA EXPLOTACIÓN EXISTENTE" no lugar de Pol-Monterroso. O que se somete a información pública de acordo co establecido no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental, durante o prazo de vinte días para os efectos de alegacións que os interesados consideren oportunas.

Monterroso, 08 de febreiro de 2010.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 00624

A PASTORIZA

Anuncio de licitación en expediente de alleamento de bens inmobles

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 26 de xaneiro de 2010, aprobou o prego de cláusulas económico administrativas para o alleamento por procedemento aberto e criterio único de catro fincas rústicas, de propiedade municipal. Por medio do presente anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora: Concello da Pastoriza.

2.- Obxecto do contrato: A venda de forma individualizada, de 4 fincas rústicas de propiedade municipal, dúas masas comúns da zona de concentración parceira de Fonmiñá e dúas masas comúns da zona de concentración parceira de Pousada.

3.- Tramitación: Procedemento: Aberto mediante o criterio único do prezo.

4.- Orzamento base de licitación: O prezo de taxación fixado para cada unha delas, segundo valoración pericial, que será mellorable á alza polos licitadores.

Lote 1.- Fincas da zona de concentración parceira de Fonmiñá.

| Nº orden | Polígono-finca | Superficie | Prezo de taxación |
|----------|----------------|-------------------------------------|-------------------|
| 1 | 1-165 | 1 hectárea, 9 áreas e 70 centiáreas | 3.500,00 € |
| 2 | 1-170 | 76 áreas e 70 centiáreas | 5.000,00 € |

Lote 2.- Fincas da zona de concentración parceira de Pousada.

| Nº orden | Polígono-finca | Superficie | Prezo de taxación |
|----------|----------------|--------------------------|-------------------|
| 1. | 2-78 | 11 áreas e 50 centiáreas | 1.500,00 € |
| 2. | 2-84 | 14 áreas e 60 centiáreas | 2.000,00 € |

5.- Garantías: Provisoria: 3% do valor do ben. Definitiva: 5% do prezo de adxudicación.

6.- Obtención de información e documentación: Concello da Pastoriza, Secretaría; Praza de Galicia, número 1, 27287- A Pastoriza; teléfono: 982-33-21-97; fax: 982-33-22-33 e páxina web do Concello: www.apastoriza.com/servizos/tramites. Ata o día anterior hábil a aquél en que finalice o prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista: Os indicados no prego de cláusulas económico administrativas particulares.

8.- Presentación das ofertas:

a.- Data límite de presentación: Quince (15) días naturais a contar do seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia, tomando como día para o inicio do prazo o seguinte ao da última publicación. Se coincidise sábado ou festivo o prazo finalizará o seguinte día hábil.

b.- Documentación a presentar: a sinalada para o efecto na cláusula 9 do prego de cláusulas económico administrativas particulares.

c.- Lugar de presentación: Concello da Pastoriza (registro xeral), de 10,00 a 14,00 horas. Praza de Galicia, número 1, A Pastoriza-27287.

9.- Apertura das ofertas: No salón de sesións da Casa do Concello, ás doce horas do quinto día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación das proposicións, agás se coincidise sábado, nese caso, trasladarase ao día hábil seguinte.

10.- Gastos de anuncios: Por conta do adxudicatario.

A Pastoriza, 01 de febreiro de 2010.- O Alcalde, ilexible.

R. 00611

A PONTENOVA

Edicto

Para os efectos do que dispón o artigo 44.2 do ROF, aprobado polo Real Decreto 2.568/1986, do 28 de novembro, publícase resolución desta Alcaldía polo que, mentres dure a miña ausencia do Concello da Pontenova por asuntos municipais, durante as datas 8 ao 10 de febreiro de 2010, ambos os dous inclusive, me substituirá en tódalas funcións desta Alcaldía o primeiro tenente de Alcalde don José Manuel Álvarez Veiga.

Dado na Pontenova, a 5 de febreiro de 2010, data dos seus efectos ao día seguinte, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello.

A Pontenova, 5 de febreiro de 2010.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 00625

—
SAMOS

Anuncio

